

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 26 de decembro de 2004.-

Unha flor de inverno

Para Pilar Manjón.

*¿Cómo pueden crecer los arbolillos
bajo toda la nieve del invierno?
(Bertolt Brecht)*

Houbo unha vez unha muller que baixou silandeira pola beirarrúa da avenida onde estaba o Parlamento. Agachaba a fragilidade do seu corpo baixo a escuridade dun vestido de rigoroso loito que levaba. O seu enorme sufrimento víase dende ben lonxe na profundidade das olleiras dunha cara sen maquillaxe, espida, consumida pola dor que transparentaba.

Subiu con decisión a longa escalinata do edificio do Parlamento e dirixiu os seus pasos cara a sala onde estaban reunidos os congresistas, rifando entre eles e rindo a gargalladas, completamente distanciados daqueles aos que dicían que representaban, alleos unha vez máis a todo canto na rúa pasaba. Ningún deles se decatou da presenza da intrusa vestida de negro, perdidos na súa liorta tan estéril e tan trasnoitada.

A muller sentou na mesma cadeira que usaban os congresistas para atacarse coma lobos fementos, para converter as mentiras en espellismos da verdade coas oratorias máis arrevesadas. E unha vez situada no lugar exacto ao que tantos esforzos lle custara chegar, abriu a boca para dicir unha palabra. A primeira das moitas que levaba preparadas.

O balbordo que se escoitaba na sala cesou de súpeto e todos os congresistas viraron a testa atraídos polo forza do magnetismo daquela muller de negro que lles falaba. Algún deles, o máis convencido do seu papel de salvapatrias, quixo abrir a boca para dicir algo, mais ninguén era capaz de articular unha soa palabra. Os discursos que aínda resoaban nas paredes do edificio foron caendo ao chan baixo o peso da súa propia esterilidade.

A muller vestida de loito rigoroso, a das olleiras na cara tan marcadas, comezou un lento proceso de transformación que avanzaba ao compás das palabras que falaba. Por cada verba agromaba no seu corazón unha folla, un estame, un pistilo, un cáliz, unha corola... Convertérase nunha fermosa flor que medraba e medraba.

Os congresistas non souberon que facer, foron incapaces de reaccionar diante da fermosura que perante eles se despregaba. Aquela sala dos discursos vacuos, das longas sesións da máis alta estulticia parlamentaria, estaba a ser tomada polo perfume que desprendía a flor, debullando de vagar, con parsimonia, sen ocultar a súa indignación, incluso deixando escapar algunha bágoa, a densidade ética de todas as súas palabras.

Abrollou un pétalo polas persoas que nunca puideron entrar naquela casa para frear os circunloquios dos congresistas, para deter a súa enorme farsa. E outro pétalo por todos os nomes necesarios para poder recuperar o sorriso arrebatado pola martelada dunha bomba nun tren, por todas as persoas de carne e óso manipuladas polos congresistas para poñerse e quitarse medallas.

E houbo outro pétalo por cada promesa morta, por cada vida truncada, por cada separación, polos proxectos de futuro arrasados, por cada fotografía da masacre nos xornai, por cada imaxe dun ferido procurando unha man liberadora, por cada palabra de amor que nunca máis había de ser pronunciada.

Os congresistas nunca viran unha cousa semellante. Era a ousadía da rúa na que con aquela muller entrara na súa casa, mais ninguén se atrevía a chamar ao servizo de seguridade para que a botaran. Estaban paralizados coma bonecos sen pilas, coma xoguetes coa corda acabada, coma manequíns de cartón pedra tan baleiros por dentro coma os seus discursos de contidos esgotados. Os congresistas deixaran o seu xogo de patio de escola, o único ao que dedicaban a súa vida parlamentaria. Os ángulos máis abruptos daquel vello edificio do Parlamento ían tamén adquirindo a suave redondez das formas da flor que naquela tribuna de oradores incansabelmente medraba. A parte máis

áspera, máis agreste, máis escarpada, máis sucia daquilo que os congresistas chamaban política esmorecía baixo o poderoso perfume que todo o alcanzaba.

Entón un daqueles insignes parlamentarios intentou por fin reaccionar, e achegouse á flor para tocala. Demasiado tarde. Cando chegou onda ela repregara os pétalos todos, e os estames, e os pistilos, e o cáliz, e o tallo e a corola... No seu lugar estaba de novo a muller loura vestida de negro, transmitindo a fragilidade da dor a traveso da ollada.

“Para vostedes todo é política, e para vostedes todo significa partidismo. Pero, afortunadamente, fóra desta Casa, aínda queda moito aire fresco e moita luz baixo do ceo.”

Ninguén foi capaz de replicar nin unha soa destas palabras.

Foi entón cando a muller recolleu as súas cousas para gardalas na carteira que levaba. Ergueuse da cadeira coa mesma fragilidade coa que sentara, e camiñou entre os parlamentarios todos coa cabeza ben alta. Acababa de darlles unha lección de ética, de política, acababa de facelos contemplarse no espello que mellor reflectía a súa ruindade.

Con paso lento e xesto de cansazo a muller vestida de negro, enloitada, saíu ao exterior do edificio do Parlamento, onde había unha multitude que por ela agardaba. Falaches por min, falaches por nós. Décheslles unha lección moi ben dada. Graciñas. De todo corazón. Moitas grazas.

Entón á muller debuxóuselle na face un sorriso de satisfacción que fixo entrever a fermosura da flor que debaixo da súa roupaxe negra se agachaba.

© Xesús Constela Doce, 2004

Nota do autor: a parte que aparece entre comiñas está extraída literalmente do discurso leído por D^a Pilar Manjón perante a Comisión do 11-M o pasado día 15 de decembro.